

XUVENTUDE NA RÚA 2023

5ª edición do XUVENTUDE NA RÚA, unha alternativa lúdica, cultural e deportiva para a mocidade nos meses de verán.

O programa vai dirixido a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 13 e os 17 anos. (Importante: ano de nacemento entre o 2010 e o 2006).

As prazas son limitadas e serán outorgadas por orde de inscrición, tendo prioridade de acceso os/as mozos/as con empadronamento en Porto do Son.

As actividades realizaranse **os venres 14, 21 e 28 de xullo e 4, 11 e 18 de agosto, en horario de mañá de 10.30 a 13.30 horas**, e inclúen xogos, talleres creativos, formación e animación.

Inscrición:

O prazo de inscrición ábrese o **martes 4 de xullo**, ata completar prazas.

Crearase unha lista numerada de reserva por se algún participante se dese de baixa.

Para inscribirse é necesario presentar, debidamente cuberto, o formulario de inscrición; o modelo de autorización e declaración responsable de condicións de saúde e, de ser o caso, o certificado de empadronamento colectivo no que debe constar que o menor está empadronado como mínimo con un dos proxenitores, titores/as legais con residencia efectiva en Porto do Son, con anterioridade á convocatoria da actividade.

Esta documentación (formulario + autorización + certificado de empadronamento) presentarase no rexistro xeral do Concello de Porto do Son (de luns a venres, de 09.00 a 13.30 hs.) ou na sede electrónica municipal: <https://portodoson.sedelectronica.gal>

Unha vez admitido/a, comunicaráselle por teléfono ao mozo/a interesado/a.

- No caso de que a persoa admitida renuncie á plaza, deberá comunicalo coa maior antelación posible, pasando a ocupar o seu posto o seguinte no listado de reserva.

Máis información: 981767589 - 698197909